

# O Doente Imaxinario...

*...daquela maneira*

Adaptación da obra de Molière polo Grupo de Teatro  
da ACC Terra de Outes



## PERSONAXES

**DON CRISANTO**, doente imaxinario, hipocondríaco supino. Pixama, bata, pantuflas, gorro de durmir e caxato.

**TONIÑA**, criada, botada para diante, leva toda a vida na casa dos Becerra. Mal falada e con dominio da situación.

**ANXÉLICA**, filla de Crisanto e amante de Robustina, sensible, vive un pouco no seu mundo, ben vestida, de acordo coa familia de diñeiro.

**FAUSTINA**, segunda muller de Don Crisanto, aproveitada, falsa, amante de Bonafé.

**SR. BONAFÉ**, notario, estirado, altivo, pedante, pomposo, engominado.

**ROBUSTINA CARTELLE**, amante de Anxélica e do río, polo que ten un amor desmesurado, feminista.

**SOBRIÑAS DE ROBUSTINA**, a aprender da tía

**DON NICASIO CARNEIRO**, ovelleiro, tamén de cómoda posición social, en todos os ámbitos.

**FLORENCIO CARNEIRO**, o seu fillo, parvo sublime, ye ye, pretendente. Tanto el como o pai levan algunha peza de roupa de la.

**LUÍSA**, filla máis vella de Don Crisanto, confidente do pai. Obsesionada polo oeste clásico dos Estados Unidos, vestida de vaqueira de alá, co sombreiro, botas altas de coiro e cabalo de madeira entre as pernas.

**DON SALUSTIANO**, médico de Don Crisanto, de festa. El e Pampín espremen as contas de D. Crisanto.

**SR. PAMPÍN** boticario, un pouco á sombra de Salustiano.

## ACTO PRIMEIRO

### ESCENA PRIMEIRA

*Anos 60, casa rica de aldea. Música que soará ao comezo de cada acto*

DON CRISANTO: *(Sentado diante dunha mesa, repasa as contas do seu boticario)*  
Aquí... outra lavativa, un “xarope hepático, soporífero e somnífero”, un remedio purgativo, outra lavativa “carminativa para que o señor alixeire ventosidades”..., unha “poción preservativa”, cheo de herbas estrambóticas... Dez, vinte, trinta e cinco, cincuenta e cinco, e trinta e tres, oitenta e oito; Daquela, levo gastado oitenta e oito mil pesetas, á conta gorda, no que levamos de ano... cagho na... en comida para os vacas xa é unha boa dentellada...! Ai, señor Pampín!...vaia amodo!... non se pode abusar de tal xeito... Vamos! Axiña! Que retiren isto!  
Non hai ninguén?... *(Campaíña)* A de veces que lles terei dito que non me deixen só!... Nada! *(máis cabreado)* Están todos xordos nesta casa...? Toniña...! *(Campaíña)*  
*(Deixa de tocar e berra)* Tilín, tilín, tilín...! Pero é que nesta casa non hai xuízo? Estou maliño... e estou só!... Nada. É como botarlle aghua aos pitos cando chove... Tilín, tilín, tilín...! Señor! Que me deixan morrer desamparado! Tilín, tilín, tilín...!

*Entra en escena TONIÑA*

TONIÑA: Xa vaaai!

DON CRISANTO: Serás cadela!

TONIÑA: Oi, hó, e ló morreu alguén?... Ai...Metinme un crosque aquí *(sinala)* por riba do ollo coas présas! Ai...!

DON CRISANTO: Hai, hai,... hai unha hora que me deixastes...

TONIÑA: Ai!

DON CRISANTO: E calarás, langoretas! Terme abandonado estando como estou...!

TONIÑA: Ai, ai, ai...! Berre, berre...!

DON CRISANTO: Se cadra vasmе negar a satisfacción de berrar o que me veña... Érache boa!

TONIÑA: Fale dunha vez...

DON CRISANTO: Pero se non podo, carallo! Se estás a entrometer a cada palabra que digo!

TONIÑA: Se o señor me berra, eu terei o dereito a queixarme! Aiii, ai, ai!

DON CRISANTO: Seica vés empoleirada, ou que? Anda, retira iso. (*Ergue*)  
Foi boa a lavativa?

TONIÑA: A lavativa?

DON CRISANTO: Si, botei moito fel?

TONIÑA: E a min que me conta! Iso non é cousa miña. Chame ao señor Pampín e dígalle que meta aí o fuciño, que para iso cobra.

DON CRISANTO: Pois que me dispoñan unha cunca de caldo que xa van sendo horas de tomar a miña poción.

TONIÑA: Si, hó, si... (*pausa*) ben que troulean á súa conta o señor Pampín e Don Salustiano. Atopáronlle o teto á vaca e chuchan nel a pracer. Querería saber eu que doenza ten para tantos remedios.

DON CRISANTO: Cala alpabarda! Creste moi lista, e... quen es ti para criticar as prescricións médicas? ... Anda, chama a miña filla Anxélica que lle teño que dicir unha cousa.

TONIÑA: Pois aí lle vén. Nin que lle estivera no pensamento!

### *Entra Anxélica*

DON CRISANTO: Ven aquí, Anxélica. Tíñamos que falar...

ANXÉLICA: Do que mande, papá.

DON CRISANTO: (*Levando a man á barriga*) Pero polo de aghora espera unha migha. (*A Toniña*) Tráeme o penico! (*Toniña vai buscar a correr e dállo*) Xa veño. É ida e volta...

TONIÑA: De présa! Apure! Bula! Señor! Ai, que demos do Señor Pampín! Acaba con nós!

ANXÉLICA: (*Ollándoa languidamente e en ton confidencial*) Toniña!

TONIÑA: Mande!

ANXÉLICA: Non sabes do que che quero falar?

TONIÑA: E como non vou saber, señora? Lévame seis días abaneando co conto. Se non fala doutra cousa, cona!

ANXÉLICA: Daquela, se xa o sabes, Porque non vas e te adiantas a falar por min, que sempre podes ser de máis influencia?...

TONIÑA: De máis influencia?

ANXÉLICA: Si, polo teu carácter,... eu penso que te ten respeito...

TONIÑA: Quen, seu pai? Ha!

ANXÉLICA: E que me dá medo sacarlle a conversa, e ti... Dime unha cousa, desaprobas os meus sentimentos?

TONIÑA: Cada can lambe o seu carallo, señora...

ANXÉLICA: Fago mal logo deixándome levar polas emocións?

TONIÑA: Eu non dixen tal!

ANXÉLICA: (*Alegre*) A ti non che parece providencial que nos coñecésemos tal e como foi?... E o garbo co que se me puxo diante! Que boa planta ten, centella!

TONIÑA: Non podía ser doutra calidade, señora!

ANXÉLICA: E que facilidade de palabra!

TONIÑA: Tena toda, miña señora!

ANXÉLICA: E logo pode haber cousas máis namoradeiras que as que me di?

TONIÑA: E como vai habelas?

ANXÉLICA: Ti imaxinas algo peor que esta cadea na que me teñen, sen poder corresponder os ímpetus desta mutua paixón que San Antoniño nos ofrece?

TONIÑA: Imaxino, imaxino...

ANXÉLICA: Como é iso de que imaxinas? (*revolta*)

TONIÑA: Porque, miña señora, algo se escoita que a queren mandar a un

convento.

ANXÉLICA: O que? (*asombrada*)

TONIÑA: Pois iso se rumorea...

ANXÉLICA: Meu deus, sería a miña morte!... Iso nunca vai acontecer, meu paiciño é incapaz de me privar de liberdade

TONIÑA: Seu paiciño non, pero a lurpia da súa muller...

ANXÉLICA: Maldita...! (*facendo acenos de rabia*)

TONIÑA: Tranquila, moerei ben un anaco de cristal e botareillo nas comidas!

ANXÉLICA: Non sexas tola! Non sei como superar isto... se non penso no amor que me ten e que tantas forzas me dá... Ti, Toniña, acreditas nese amor tan grande que di que me ten?

TONIÑA: Haille moito conto nas cousas do amor ...e moito mangante.

ANXÉLICA: Ti que esbardallas, Toniña? Como van ser trolas as cousas que me di?

TONIÑA: Deus mediante logo vai saír de dúbidas! Na carta de onte dille que ten decidido pedir a súa man... (*pausa*) e outra cousa que lle digo: colla forzas e fale co seu pai cara a cara. Terá que sachar as patacas coa terra dura! É o primeiro que ten que facer, e saír deste cárcere de sentimentos que...

ANXÉLICA: (*cortando*) Cárcere? Muller, non será para tanto...

TONIÑA: É..., é porque o seu pai, se aínda non tiña problemas para aceptar un pretendente que non lle gusta, tenlle outro e definitivo, por moito que a señora, nas súas nubes namoradeiras, pase por alto: paréceme a min pero seu pai nunca aceptará que EL sexa ELA!

*Pausa*

ANXÉLICA: Boh!... Meu pai é moi boíño e acabará por entender...

TONIÑA: Seu pai? Será boíño, será, non o poño en dúbida, agora, co seu xenio, impertinencias, egoísmo, conservador máis que o papa de Roma e demais... será boíño, será, aínda que o seu pensamento está moi lonxe do da señora. A súa cabeza debeuna deixar na arca de Noé porque... chissst!... cale, que aí ven.

## ESCENA SEGUNDA

DON CRISANTO: Agora!... miña filla, teño que che dar unha boa noticia que con certeza che vai agradar de vez... *(pausa)*... pedíronme a túa man!

TONIÑA: Vaia... e atreveuse!... *(cara ao público)* ou... haberá máis peixes na rede?

*A Anxélica ilumínaselle a cara de alegría*

DON CRISANTO: Ah, poste leda? Claro, ben visto, non hai no mundo cousa que máis lle encha o ollo a unha moza... e continuar así coa súa labor de procrear... aí, xa teño vontade de ter un netiño san e forte.

TONIÑA: Si, a mazá tráema co rabiño, non vaia ser que se debilite a especie.

ANXÉLICA: Eu só quero obedecer ao meu pai.

DON CRISANTO: Eses, eses son os valores que eu che ensinei. Direiche que xa argallamos o asunto e que xa estás de noiva. Miña muller, a túa madrastra, tiña idea de vos enviar a un convento a ti e a túa irmá. Levaba tempo maquinando tal cousa.

TONIÑA: *(Aparte)* A lercha maquina, maquina!

DON CRISANTO: Non quería consentir a túa boda, pero xa a deixei convencida.

TONIÑA: E ló, que lle preocupaba á señora, se se pode saber?

DON CRISANTO: Nada, uns fíos soltos sen importancia

TONIÑA: ...uns fíos, ou a saia enteira!

DON CRISANTO: O que?... boh...nada, a miña palabra está comprometida no asunto.

ANXÉLICA: *(Un tempo seria e alegre de súpeto)* Que bonitiño es, papaíño!

DON CRISANTO: Déronme bos informes, beneficiosos tanto para ti como para min.

*Paradas, tanto Anxélica como Toniña, e un pouco estrañadas*

TONIÑA: Para o señor tamén? *(Despois de pensar un pouco ollando seria para el, vai e ponlle a man na fronte)*

DON CRISANTO: E que...? Ah,... moi ben, comprobando cada certo tempo a miña saúde, ben,ben.

TONIÑA: Non, estou a ver se o señor ten suores coa febre, porque febre ten!

DON CRISANTO: Que dis, teño mal aspecto, olleiras, estou encarnado...?

TONIÑA: *(cortándoo)* Está como se levara un bo gholpe!

ANXÉLICA: Os bos informes ben os podes ter por certos.

DON CRISANTO: E logo, ti sabes quen é?

ANXÉLICA: Pois... xa que teño o teu consentimento, vouche abrir o meu corazón: Hai seis días a sorte quixo que nos encontrásemos de fronte. E estou por dicir que foi ese amor que nos prendeu tan axiña como nos vimos, a razón pola que veu pedir a miña man.

DON CRISANTO: Ah, pois diso non sabía nada... alégrome ben. E dime, miña ruliña, estás namorada? Querédesvos moito?

ANXÉLICA: As dúas dámonos moito amor

DON CRISANTO: Como ás dúas? *(olla o reloxo)* Vamos ver, que vén sendo iso que facedes ás dúas?... eu non sei o que estás a dicir, filla!

TONIÑA: *(Improvisando para saír do sarillo)* Que ás dúas, cando ela sae para dar un paseo polo xardín, vense ao lonxe e... envíanse mostras de amor...

DON CRISANTO: Mellor que así sexa. E... polo que sei, debe ser unha persoa ben axeitada e educada...

ANXÉLICA: Claro que debe, meu pai.

DON CRISANTO: De boa estatura.

ANXÉLICA: Aaaa... a min chégame.

DON CRISANTO: De aspecto agradable.

ANXÉLICA: Moi agradable.

DON CRISANTO: Que fala latín e grego de corrido...

ANXÉLICA: Home, eu tanto non sabía...

DON CRISANTO: E que de aquí a tres días, ordenarano doutor

ANXÉLICA: Que ordenarán que? A quen?

DON CRISANTO: Doutor. Non me digas que non cho dixox

ANXÉLICA: Quen me tiña que dicir?

DON CRISANTO: Don Salustiano, o médico. É o seu sobriño, por parte da muller. Vamos ver, hó... estamos a falar do mozo que che vai pedir a man?

ANXÉLICA: *(aparte)* Sobriño de... entón?... *(chora)*

TONIÑA: *(consolando a Anxélica, ao público)* Había máis peixe na rede!

*Anxélica retírase desconsolada*

DON CRISANTO: Que ven sendo o Florencio, o fillo de Don Nicasio Carneiro, recoñecido tratante de gando... de ovellas. Cuñado de Don Salustiano. Pois con Don Nicasio, foi que acordamos este mediodía o señor Pampín, Don Salustiano e máis eu que haberías de casar. E mesmo mañá, se Deus quixer, o señor pai virá a esta casa facer a presentación de quen será o teu home. E... onde foi?

TONIÑA: A emoción!

DON : Ah, divina xuventude! Non podo ter mellor ollo, eh!

TONIÑA: Nin eu o diría mellor! Como vaia de caza, os coellos morren de risa, porque pola puntería do cazador...

DON : E ti que entenderás!

TONIÑA: Nada, entende o señor, entende, entende... E vamos falar devagar que as présas, xa se sabe. Imos ver, vaime dicir agora porque porfía tanto nese matrimonio?

DON CRISANTO: Pois é ben fácil de entender. Maliño como estou -levo toda a vida igual-, quero que o meu xenro sexa doutor.

Terei na casa todo o necesario: consultas e receitas.

TONIÑA: Ben, comeza o señor a falar con sentidiño. Dá ghusto. Moi ben, daquela dígame unha cousa coa man no corazón... está de verdade maliño?

DON CRISANTO: Pero, como se estou maliño? Deslinguada! E non vou estar maliño?

TONIÑA: De acordo, de acordo. Ben se ve. O señor está malísimo. Non imos rifar por iso. Pero, sendo asisados... vostede pensa que a súa filla precisa dun home?

DON CRISANTO: E logo de que vai precisar?

TONIÑA: *(Caendo)* E... si, claro, referíame a se ten que casar. E ademais, o señor non quer un home para a súa filla, quer un médico para el!

DON CRISANTO : E logo non? Claro, claro que é para min..., e teño ademais unha filla ben mandada que se pon como unhas pascuas co casamento, asegurando ao mesmo tempo a saúde do seu pai. *(Pausa)* O único que... por moitos excelentes informes, non esquezo que é dunha familia de ovelleiros: Nicasio Carneiro Laneiro, nada máis!... Eu nunca tiven simpatía polos ovelleiros. Miña familia dedicouse ás vacas durante moitos séculos..

TONIÑA: Ala!

DON CRISANTO: Eu conservo a liñaxe materna de tan rexa estirpe bovina: Crisanto Olegario Silva Becerra. Foinos ben tratando con vacas nas feiras, nas mellores fondas do país, o leite,... A vaca é un ser nobre, de esencia fraternal a nós. E as ovellas, que dicir..., xa sabe, se alguén se comporta sen pensar e segue os demais por seguir, dicimos que é unha ovella. Animais sen esencia algunha, peóns sen miolos,.. nada!... Ademais os ovelleiros teñen mala sona. Non fai falta que mencionemos a historia do que fan nos penedos ou nos acantilados...

TONIÑA: E que fan?

DON CRISANTO: Ah, non sabes o que se di? Vaia, nótase que é cousa de homes *(ri)*

TONIÑA: Non, non sei

DON CRISANTO: Pois hai un conto por aí que di que levan as ovellas a un penedo, xusto na beira, onde dá arrepiós a caída. Métenlle as patas de atrás nas súas botas e... xa sabe...

TONIÑA: O que teño que saber?

DON CRISANTO: Pois muller... a ovella non cae porque está dentro das botas e ao ver a altura vaise botando para atrás... e... Oi, hó, non sei eu, terías pouca vida amorosa, digo eu, porque... *(pausa)* dime unha cousa, Toniña, a ti cantos campaneiros che viñeron repenicar?

TONIÑA: O que? Ah... boh! *(torce e abaixa a cabeza semellando vergoña)*

DON CRISANTO: Tranquila, muller, non teñas vergoña, *(pausa, olla para ela)* por min non teñas medo que eu xa non teño vontade de repenicar... xa a miña muller me di... eu entendo que sodes máis recatadas para certas cousas *(pausa, olla para ela de novo)* e máis aínda estas que son propias do desempeño masculino do eixo famili...

TONIÑA: *(Cortándoo)* Vinte e catro.

DON CRISANTO: *(Abraiado)* Vint... Virxe santa, Toniña! Non perdeu o tempo!

TONIÑA: Si, vinte e catro campaneiros. Eu sonlle moi libre e aprovéitome do parvo de pasa por diante. Tiven un pequeno conto con un, pero a min non me domina ninguén. E... a todo isto... deixará que lle dea un consello... *(pausa, achégase a el)* Eu, do señor, non a deixaba casar co tal Florencio.

DON CRISANTO: E logo porqué?

TONIÑA: Porque ela non lle vai querer.

DON CRISANTO: Que a miña filla non vai querer?

TONIÑA: Non. A súa filla non vai querer nin en retrato o señor Carneiro, nin o seu fillo, nin cantos carneiros anden de paseo polo mundo.

DON CRISANTO: E ti que... Pero... *(senalando por onde saíu Anxélica, dubidando)* Arre demo!... Pero quero eu e abonda! Ademais diso, ese casamento é un bo chope. Florenciño Carneiro éche vinculeiro, e aínda por riba, o pai, o señor Carneiro é viúvo, testa todo en favor do seu fillo.

TONIÑA: Non, se o choio está ben pensado. O malo é que se trabucou de casamento, ela está noutros ventos. Dáme na espiña que á súa filla nunca a verá de Señora Carneiro...

DON CRISANTO: Iso está por ver! Chega con que eu o mande...

TONIÑA: Non creo.

DON CRISANTO: E porqué non o vas crer?

TONIÑA: Porque a xente vai pensar que toleou, que non sabe o que fai.

DON CRISANTO: A xente pode dicir misa pero a miña filla ha de cumprir a palabra na que está comprometida miña honra.

TONIÑA: Iso teno máis neghro que muxir ghaliñas!

DON CRISANTO: Obrigareina! Casa ou vai para un convento. Éche o que hai!

TONIÑA: No convento hase de estragar máis a vida, dígollo eu!

DON CRISANTO: E Logo?

TONIÑA: Demasiadas monxas!

DON CRISANTO: Como dis?

TONIÑA: Nada, hó, que ela non se afará á vida do convento. E o señor non vai ser quen de facer iso.

DON CRISANTO: Eu?

TONIÑA: Vostede non mete a súa filla nun convento nin tolo...

DON CRISANTO: Que non a meto?

TONIÑA: Que non a mete.

DON CRISANTO: Que non?

TONIÑA: Que non. Que no fondo ten bo corazón.

DON CRISANTO: Pois non o terei. Ala!

TONIÑA: Está a brincar. Dígolle eu que lle entra o cariño de pai.

DON CRISANTO: Pois non me entrará.

TONIÑA: Un par de mimiños ben postos, diralle cousas bonitas e xa está...

DON CRISANTO: Nada, xa pode chover! Non me abrandarei nin miga!

TONIÑA: Andrómenas! Que ten bo fondo...

DON CRISANTO: *(Indignado, reméxese)* Serei bravo como as xestas!

TONIÑA: Acougue, señor! Lembre que está malo. Está visto que cando o amo mistura allos con bugallos, é deber do servizo levar as cousas ao regho.

DON CRISANTO: Tócalle a gaita a Cachafeiro! Xa hai que ter... para lle falares desa maneira ao teu amo... Ven aquí *(érguese e bótase a ela)*, voute esmagar como un piollo! Desvergoñada!

TONIÑA: É a miña obriga impedir a deshonra dos meus señores.

DON CRISANTO: *(A correr detrás dela arredor da cadeira co caxato erguido)* Ven aquí, anda, que che vou ensinar o silabario!

TONIÑA: Non consentirei esa boda!

DON CRISANTO: Vacaloura!

TONIÑA: Non quero ver a Anxélica casada con ese Carneiro!

DON CRISANTO: Pingallo do demo! Voute... *(tenta darlle co caxato, Toniña foxe e el derrúbase na cadeira)* Ai! Acaba comigo!

### ESCENA TERCEIRA

*Entra en escena FAUSTINA, a muller de DON CRISANTO, óuvense corvos sempre que entra ou sae*

DON CRISANTO: Ai, parruliña! Ven aquí, meu ben! Anda á miña beira!

FAUSTINA: E que lle pasou ao meu parruliño?

DON CRISANTO: Anda, ven que me fas falta!

FAUSTINA: E que ten o meu parruliño para que lle faga falta a súa parruliña?

DON CRISANTO: E que hei de ter, parruliña!

FAUSTINA: Pois non che sei, parruliño meu!

DON CRISANTO: Que me teñen enrabechado!

FAUSTINA: Non me digas tal cousa! Que foi?

DON CRISANTO: E que había ser? Que esa descarada da Toniña, cada día sácame máis do meu sitio.

FAUSTINA: Non te alporices, que che fai mal. Acouga, estou aquí contigo, churrusquiño!

DON CRISANTO: Vai para unha hora que non leva feito máis que mal traer.

FAUSTINA: Anda, sosega, hó!

DON CRISANTO: E tivo o atrevemento de me dicir que non estou maliño!

FAUSTINA: Que desvergoña!

DON CRISANTO: Ese mal bicho vai acabar comigo, churrusquiña...

FAUSTINA: Amodo! Ás veces es un exaxerado!

DON CRISANTO: É por culpa dela que teño o fel tan derramado!

FAUSTINA: Non me adoezas así... corazón, faiche dano!

DON CRISANTO: Hai tempo que che levo dicindo de botala desta casa!

FAUSTINA: Que cousas tes! Non hai criada boa. Todas teñen as súas chatas. A Toniña pon coidado na cousas, limpa como poucas, é dilixente, e por riba de todo, é de lei. Ti xa sabes a de voltas que hai que dar antes de dar o visto bo á xente nova... E nunca sabes ben quen metes na casa... (*chámaa*) Toniña!

TONIÑA: Mande, señora!

FAUSTINA: Porque tes que enrabechar o meu home?

TONIÑA: (*Mansiña de todo*) Eu, señora? Pois abofé que non me dou conta. Servidora só vive para o lecer do señor...

DON CRISANTO: (*Alporizado*) Demo de condenada!

TONIÑA: El deu en cismar que tiña de casar a súa filla co fillo do señor Carneiro. E eu atrevínme a dicirlle que o partido non estaba mal pensado, pero que lle era mellor feira metela nun convento.

FAUSTINA: Pois eu, querido, non lle vexo a iso desatino ningún, falou ben. Non é para tanto!

DON CRISANTO: Non lle fagas caso! É mentira, propio dunha víbora como ela!

FAUSTINA: Si, miña flor... si, tes razón... pero agora vaslle facer caso á túa querida muller, e vaste deitar. E ti, Toniña, pobre de ti como non deixes en paz ao meu home! Vas á rúa en menos de nada! Achega ese cobertor, e a almofada... Estás, meu ben, como se che caera unha mala fada! Anda, mete as orellas dentro do gorro que aí entran moitos catarros!

DON CRISANTO: Miña carrapucheiriña, como me coroan os teus mimos!

FAUSTINA: Ale, ben tapadiño. Toniña ponlle a almofada. Que descanse un pouco.

TONIÑA: (*Dándolle un almofadazo na cabeza fuxindo*) Esta é para que non o colla a xiada!

DON CRISANTO: (*Erguéndose irado*) Quéresme matar, candonga!

FAUSTINA: E que pasa agora? Arre demo! Que é?

DON CRISANTO: (*Abatido*) Ai! Xa non podo máis! Ti non sabes con quen tratas. Esa... é da pel do demo... (*pausa*) Terei que tomar medicinas e unhas lavativas para me repor...

FAUSTINA: Non é para tanto, meu rulo... O que che fan falta son uns mimiños de quen ti sabes, a que si?

DON CRISANTO: Ai, parrula! Ti es o único amparo que conforta a miña desgraza...

FAUSTINA: Meu carrapucheiriño!

DON CRISANTO: Miña carrapucheiriña! Teño que che pagar tanto amor que me dás. Xa che dixen que é o meu desexo probar...

FAUSTINA: Ai, miña xoia! Non me digas iso! Cada vez que falas de testamento, pónseme a pel de galiña. Arrepío, miña prenda, afogo...

DON CRISANTO: Mandeiche que avisaras o notario...

FAUSTINA: Veu comigo, o señor Bonafé. Está a agardar fora.

DON CRISANTO: Ah, pois dille que pase, meu ben, que pase...

FAUSTINA: Ai, a unha estas cousas páranlle o corazón... Toniña!

TONIÑA: Mande!

FAUSTINA: Faga pasar ao señor Bonafé.

*Entra Bonafé con luz violeta e aires de grandeza. Fica parado un instante e soa música de tensión. Sae Toniña*

DON CRISANTO: Adiante, señor Bonafé. Achéguese aquí e faga o favor de sentar... Tenme falado a miña muller de ser un home de lei. Pois ben, teño mentes de facer o testamento...

FAUSTINA: Ai! E non poderíamos falar doutras cousas?

BONAFÉ: A súa primorosa muller xa me puxo en antecedentes dialécticos, das súas intencións venturosas e dos propósitos que ordenou.

DON CRISANTO: Ah, pois entón dispoña.

BONAFÉ: Pois falareille desde a miña ampla e verificable experiencia e reputación ben florida en toda o país de lado a lado... O meu consello, profundamente meditado e estudado coa mellor das desexables bonanzas futuras para o seu descanso á beira do noso Señor, sería un: *(pausa)* que lle deixe toda a súa fortuna, terras e casas á súa benfeitora e amada esposa aquí presente.

DON CRISANTO: E... como vai ser así, meu señor Bonafé... e as miñas fillas?

BONAFÉ: *(Ostentosamente)* Señor Don Crisanto, a súa melíflua *(intercambia complicidade con Faustina)* e harmoniosa esposa supón, desde o sempiterno e inflexible amor que lle profesa, o seu modesto báculo na etapa de senectude que, sen dúbida, será longa e proveitosa...

*Entra Toniña con vasoira e recolledor e barre coa orella posta*

DON CRISANTO: Non sei eu... co maliño que estou...

BONAFÉ: ... e co que iso significa de sacrificio da súa delicadeza, gracia, finura, filigrana da exquisitez sin mácula (*complicidade de novo con Faustina diante do ollo axexador de Toniña*), exposta á dedicación íntegra dos coidados paixonais da saúde do señor. Sen ela a existencia é vacua...

DON CRISANTO: Ah, se a existencia é vaca, non é mala existencia...

BONAFÉ: Non, non, vacua, insubstancial, insignificante,... Dona Faustina é a única salvagarda da travesía nos mares revoltos -no seu caso en todos os sentidos- dos derradeiros decursos vitais quen con énfase velará e defenderá a benevolencia e o intelecto fronte a áspera malignidade, ou a inopia moral afastando a concupiscencia...

DON CRISANTO: Que di que fai co cu?

BONAFÉ: Non, non, concupiscencia, o propósito, a pretensión de posuír bens terrenais e ter desexos e apetitos deshonestos..., e todo isto, meu excelso e considerado señor, encanto as súas fillas están casadas noutras vidas onde os maridos encherán as panzas co seu legado patrimonial...  
Satisfeito completo a miña intervención mediadora entre dous corazóns de amalgama e benquerencia, derretidos de amor o un polo outro, sabedor que, desde a súa atalaia de sapiencia, onde domina todos os horizontes, comprenderá tan transparente e nítida exposición da realidade...

DON CRISANTO: Pois... non o teño claro.. entre tanta palabra...

TONIÑA: O señor Bonafé díxolle que vostede muxiu toda a vida as vacas e agora outros queren levarlle o leite.

FAUSTINA: Toniña! Non tiñas cousas que facer na cociña?

TONIÑA: Si, señora...

*Sae Toniña*

DON CRISANTO: E... terei que consultar co meu avogado. Vamos ver o que ordena...

BONAFÉ: Deus o faga mellor! Como se lle ocorre pensar tal cousa? Xente máis mixiriqueira e legalista eu aínda non a vin! A todo lle poñen estorbos e chatas... Todo o que boamente lle expuxen foi coa miña clarividencia de vista, mente e corazón, onde non albiscará pegada algunha que enturbie o sosego que merece.

DON CRISANTO: Xa me tiña falado a miña muller que era vostede un home moi espilido... Ten razón no sosego, no terrenal e no do alén...

FAUSTINA: Meu santiño! Non desacougues con iso! Se me chegas a faltar, miña luz na noite, son capaz de me ir contigo...

DON CRISANTO: Linda flor da parrameira!

FAUSTINA: Si, pombiño! Se teño a desgraza de que te vaias... a miña vida xa non tería valor ningún...!

DON CRISANTO: Féndesme o corazón, miña estreliña do ceo! Acouga muller, non sufras tanto que me fas sufrir a min!

BONAFÉ: Aínda non, aínda non é tempo de tanto pesimismo!

FAUSTINA: É que non sabe o que é ter un home como este e quere-lo como eu o quero.

*Entra Toniña con ánimos de escoitar mellor, parándose a limpar o crucifixo da sala*

DON CRISANTO: A miña maior pena será non che ter dado un fillo. Don Salustiano falou de que ía ver de facer algo para que eu che puidese dar un...

TONIÑA: Nese forno hai tempo que non hai leña e as arañas fan festa!  
(ao público) Aínda que a leña penso que a vai procurar fora!

FAUSTINA: Toniña! Aínda anda por aquí?

*Toniña dá media volta e vaise. Crisanto pensativo*

DON CRISANTO: Si, pode que teña razón. Ao fin, serás a que me coide... Farei testamento do xeito que nos di o señor. Antes, quéroche ir adiantando cincuenta mil pesetas que teño agochadas no meu despacho e aínda dúas letras de cambio asinadas de hai tempo...

FAUSTINA: Non! Nada quero!... E... canto dis que tes agochado?

DON CRISANTO: Cincuenta mil pesetas, miña prenda...

FAUSTINA: Non meu amor! Non me fales de cartos! Por favor!... E... de canto son as letras?

DON CRISANTO: Unha de vinte mil pesetas e outra de quince mil...

FAUSTINA: É o mesmo! Pois todo o ouro do mundo non vale o que ti vales, miña xoia!... Agora (*comproba que non haxa ninguén á espreita*)... sería mellor que continuásemos a falar no despacho que por aquí poden pasar máis moscas e...

DON CRISANTO: Si, miña carrapucha, (*fala encanto se van*) eu... teño dúbidas...

BONAFÉ: (*con complicidade con Faustina*) Nada, nada, meu señor, a súa lonxeira e augusta magnificiencia fará que comprenda... (*ollada final altiva e de desconfianza ao público*)

*Saen os tres e entran Anxélica e Toniña*

TONIÑA: Están cun notario. Falaron de testamento... A túa madrastra non sae do rabo do teu pai, ándalle traballando a herdanza,... a moi lendia... Sabe o demo en que andarás a remexer! Eses dous...

ANXÉLICA: Que remexan o que queiran! Que dispoña como lle pete dos bens desta casa! Con tal que non dispoña do meu corazón... o resto tanto che me ten!... Non me deixes, Toniña, non me deixes da túa man!

TONIÑA: Deixarte eu? A ti, miña pequena? Ningunha vaca deixa a súa puchiña... Antes tiñan que me enforcar! Ti confía en min que malo será que non saíamos desta!

ANXÉLICA: Tes que lle dar o recado a Robustina. Ten que saber canto antes do casamento que argallou o meu pai...

TONIÑA: Agora xa se fixo tarde. Non desacougues, neniña, que mañá vou a golpe de caixa!

FAUSTINA: (*Desde fora*) Toniña!

TONIÑA: Agora chaman por min. Ti confía nesta servidora! Non penes! Vaite deitar! Boa noite!

*Sae Toniña e faise escuro con Anxélica soa e desconsolada*

## ACTO SEGUNDO

### ESCENA PRIMEIRA

*Toniña a limpar o crucifixo. Petan á porta*

TONIÑA: Vaaai!... *(volta)*... Carai, como madrugou!

*Entran ROBUSTINA coas súas dúas sobriñas, ataviadas de pesca de río. Soa un breve extracto do “El río” de Miguel Ríos. Ao pouco, as rapazas xogan a algo no chan*

ROBUSTINA: Eu por ir pescar ao río sempre me ergo cando aínda a lúa non lle deu os bos días á alborada...

TONIÑA: E ven acompañada!

ROBUSTINA: Ando en labores de formar as miñas dúas sobriñas na nobre arte da pesca no río, as súas mañas, que ten moitas, e os coñecementos que o río agocha.

TONIÑA: Colleume de sorpresa... non a agardaba tan rápido e mesmo tiña que ir hoxe falar con vostede para que soubera os plans do señor no tocante ao casamento de Anxélica...

ROBUSTINA: O que? Se aínda non falei con el...

TONIÑA: Non, ben sei... e polo de agora será mellor que o deixe, porque aínda estamos moi frescos do caldeiro de aghua que nos botou o señor da intención doutros que tamén queren vir pescar...

ROBUSTINA: Outros?

TONIÑA: Si, parece que está en marcha a presentación doutro pescador con cana, aínda que non destas...

ROBUSTINA: Pois eu veño determinada a falar con el...!

TONIÑA: Non, deixe, deixe...!

ROBUSTINA: E saber os sentimentos de Anxélica e o que pensa dese casorio que lle quer argallar o pai...

TONIÑA: Espere uns días e vexamos que aconteceres nos trae a visita do pretendente, que ven co pai, e como termina o conto...

DON CRISANTO: *(Desde dentro, lonxe)* Ai!

TONIÑA: Aí ven o señor! Vaiase!

ROBUSTINA: Non, non me vou, temos que afrontar a situación...

TONIÑA: *(Dubida)* Está ben, está ben... xa sei! Pero ten que me dar os aparellos de pesca! *(Robustina dálle a roupa e o demais ás prásas)* O profesor de baile clásico da señora o outro día seica andaba polo monte e, saltando unha poza da chuvia, fixo unha figura desas acrobáticas de ballet no aire, desas nas que escarranchan as pernas de todo e, ao caer co pé de punta, escarallou dous dedos nunha pedra.

DON CRISANTO: *(máis perto)* Ai!

TONIÑA: Rápido!

*Entregan toda a roupa, a cesta e as canas a Toniña, menos as botas. Entra Don Crisanto*

DON CRISANTO: O doutor tenme dito que pasee todas as mañás no meu cuarto, dun lado media ducia e para o outro outra media, aínda que... non me dixo en que sentido, se ao longo, se..., mesmo en diagonal podería ser... *(de súpeto, vendo a Robustina e as sobriñas)* E,... quen é toda esta xente?

TONIÑA: *(Levantando un pouco a voz cos nervios)* Señor...

DON CRISANTO: Para de berrar baldreu, que me abrouxas! Nunca entenderás que aos doentes se lles debe de falar baixiño?

TONIÑA: *(Un pouco máis baixo)* Eu o único que quería era...

DON CRISANTO: Que fales amodo, demo de...!

TONIÑA: *(Xesticula como se falara)*

DON CRISANTO: Que dis?

TONIÑA: *(Continúa)*

DON CRISANTO: Queres falar alto dunha vez?

TONIÑA: *(Levantando a voz de novo)* Meu señor, lembra o profesor de danza clásica de dona Anxélica?

DON CRISANTO: Lembro.

TONIÑA: Pois esta é a súa substituta (*Robustina márcase unha figura clásica de ballet*), xa que el está recobrando a saúde despois dunha mala caída. Esta é... a señora...

ROBUSTINA: Cartelle, Robustina Cartelle, a servir! Estas son as miñas sobriñas que veñen iniciarse nesta novidosa arte danzante!

TONIÑA: Chisss! Non fale tan alto, que ao señor lle estouran os miolos!

ROBUSTINA: Ah, desculpe. Permítame que lle diga que comezamos con bo pé porque o señor e eu somos dun mesmo pensamento, xa que amamos o silencio. Identifícome coas pescadoras de río, por exemplo, eh!..., como senten o nerviosismo dos peixes, cun novo ruído que provén do exterior ao seu medio acuático...

DON CRISANTO: (*Cortando*) E esas botas? (*viñéronlle á cabeza cousas que non debían e dá voltas arredor dela, dubidando de todo, repásaa de riba para baixo, deténdose nun lugar concreto para se asegurar*) (*Para el*) Ah, non, non...!

TONIÑA: Eh...

ROBUSTINA: (*saíndo a trompicóns*) Éche unha nova técnica moderna..., sacrificamos a comodidade e comprobamos que despois de practicarmos coas botas postas, a lixeireza de saltos e piruetas sen elas é dun dominio moito maior!

DON CRISANTO: Aaaaah! (*aliviado*) Ben, ben...

*Breve pausa*

ROBUSTINA: Non sabe ben o que me alegro de velo a pé e con tan boa cara e aspecto de ir mellorando, como me dixeran que...

TONIÑA: (*Interrompendo e finxindo indignación*) Quen lle dixo tal cousa? O señor continúa malísimo...

ROBUSTINA: Pero polo seu aspecto...

TONIÑA: Que parvada! Que aspecto nin que gaitas con ronquete! O señor ten moito mala cara. É unha impertinencia dicir que anda mellor. Hai ben tempo que non andaba tan maliño!

DON CRISANTO: Falas ben, Toniña...

TONIÑA: Anda, come, bebe e dorme como os que estamos aquí, pero está moi, moi malísimo...

DON CRISANTO: Esta muller dille verdades como puños.

TONIÑA: E non vou dicir! Calquer día saenos cos pés por diante!

ROBUSTINA: Pois ben que llo sinto, logo. Se algún día se sente con folgos podería acompañarme nun paseo polo río. Penso que se sentirá rexuvenecer!

DON CRISANTO: Como é iso?

ROBUSTINA: Do río, diríalle ducias de cousas boas, señor, aínda que sendo breve diría que é onde o ser humano ten a súa casa natural: agua, alimentos, paz, sosego de espírito, herbas que o curan,... así foi desde o inicio da humanidade. No río, a diferenza da pesca no mar, ten todo, encanto no mar... unha pedra e agua, que por riba non se pode beber..., por non falar do ruído das ondas ao bateren nas pedras... nada, para amargados!

TONIÑA: Ai, cale, cale, que o señor no río, con tanta aghua pode apañar unha pulmonía que o ten que traer de volta defuntiño!

*Entra Anxélica*

ANXÉLICA: *(Ao ver a Robustina)* Xesús, María e Xosé!

DON CRISANTO: Que tes miña prenda? Que che pasa?

ANXÉLICA: *(sen saber o que responder)* É que...

DON CRISANTO: Que?

ANXÉLICA: *(Ocorréndoselle)* Que isto parece cousa de meigas...

DON CRISANTO: E logo?

ANXÉLICA: Pois que onte soñei que estaba nun perigo moi grande e unha dama cuspidiña a esta señora sacoume do apuro. E agora que a teño diante... *(ri nerviosa)*

DON CRISANTO: Cantos misterios garda a nosa cabeza...

ROBUSTINA: *(Non tendo ollos máis que para Anxélica)* Que grande ledicia

é para min estar nos pensamentos da señora, tanto nos soños como nos desvelos. Aínda que onde esta humilde servidora se enchería de felicidade, sería salvándoa de verdade...

*Petan á porta*

TONIÑA: *(Cortando, temendo que a cousa fose a peor)* Vaia, alguén quer entrar... vou ver... *(breve pausa. Toniña entra moi retranqueira)* Señor, desdígome de todo o que lle dixen. Tiña razón. Están aí o señor Carneiro e o seu fillo. Que cacho de xenro vai botar, Xesús! Non lle hai mozo máis vizoso e intelixente na parroquia... que digo parroquia..., no país enteiro! A súa filla vai escachar de alegría!

DON CRISANTO: *(A Robustina, que se quería ir)* Non se vaia... Vou casar a miña filla e imos facer as presentacións dos noivos. Aínda non se coñecen...

ROBUSTINA: Hónrame ao facerme testemuña de tan entrañable escena.

## ESCENA SEGUNDA

*Entran Carneiro e o seu fillo Florencio. Carneiro entra uns metros antes e o fillo faino a ritmo do 'I wanna be your man' dos Beatles. Luz laranxa. En toda a escena Anxélica e Robustina tentarán sentar xuntas e Toniña impedira. Robustina dálle versos de amor.*

CARNEIRO: Meu señor Don Crisanto!

DON CRISANTO: *(Levando a man ao gorro sen quitalo)* Haberán de me desculpar, pero teño prohibido descubrirme pola temperatura da cabeza, que non me colla frío.

CARNEIRO: A nosa presenza débelle deparar ao doente acougo e tranquilidade, nunca a nosa visita deberá amolar ao señor Crisanto. Aí lle traemos unhas mostras con afecto: traballo coa lá e traballo co leite das miñas ovellas *(ofrécenlle unha peza de roupa de lá e un queixo)*

DON CRISANTO: Acepto... *(a partir de aquí falan os dous ao mesmo tempo, provocando un verdadeiro galimatías)*

CARNEIRO: Vimos aquí...

DON CRISANTO: Con grande ledicia...

CARNEIRO: O meu fillo Florencio e servidor...

DON CRISANTO: A honra que me fan...

CARNEIRO: A testemuñarlle...

DON CRISANTO: E tería sido o meu desexo...

CARNEIRO: A alegría que temos...

DON CRISANTO: Ir cumprimentalos...

CARNEIRO: Pola amabilidade que mostra...

DON CRISANTO: Aínda que xa caen na conta...

CARNEIRO: Ao abrírnos a porta da súa casa...

DON CRISANTO: Do que é un doente...

CARNEIRO: E honrarnos con esta unión...

DON CRISANTO: E non hei de perder a ocasión...

CARNEIRO: Asegurándolle que estaremos sempre ao seu servizo.

DON CRISANTO: De probarlles que estarei sempre ao seu servizo.

*Pausa, algo desorientados os dous*

CARNEIRO: (*Vírase cara ao fillo*) Agora tócache a ti, Floren,... Vamos, vai!

FLORENCIO: (*Dubitativo*) É polo pai que debo comezar, non é?

CARNEIRO: É!

FLORENCIO: (*Dirixíndose a el*) Señor: Aquí estou, porque vin,... disposto a recoñecer e reverenciar a un segundo pai para min, que, se mo permite, aínda tería que quere-lo máis... pois se o primeiro me procreou, vostede escolleume e recíbeme cos brazos abertos (*abrázao sen xeito*). E porque son máis importantes as cousas do espírito que as materiais, eu aprecio, no que vale, esta futura unión. (*Ao pai*) Que, como me saíu, papá?

CARNEIRO: Moi ben, rapaz!

FLORENCIO: *(Ao seu pai)* Saúdo a ela?

CARNEIRO: Home claro!

FLORENCIO: *(A Anxélica)* Señora, alumean aos cegos as razóns polas que Afrodita... ou Santa Rita vos ten dado o título de nai. Pois,,

DON CRISANTO: Pero esa non é a miña muller! Esa é a miña filla, a noiva!

FLORENCIO: Xa me parecía a min que a vella estivese tan boa... Entón, onde está a súa muller?

DON CRISANTO: Logo ha de vir.

FLORENCIO: *(Ao seu pai, nervioso)* Entón, que fago, espero a que veña a señora, ou que?

CARNEIRO: Non, vai cumprimentando a noiva encanto non ven.

FLORENCIO: *(Bota un ollo a un papel que leva)*...Señorita, do mesmo xeito que a estatua de Memnón producía unha harmoniosa melodía cando era tocada polas raiolas do sol, pois igualiño que me sinto eu cos resplandores da vosa ferradura... eh... fermosura. E da mesma maneira que o virasol ou heliótropo xira ao redor do astro rei, o meu corazón dará voltas, engaiolado polos vosos ollos tentadores, que xa serán a miña rosa dos ventos.  
Consíntame, señorita, que deposite no voso altar os votos de ser o voso amante e moi leal servidor e marido...

TONIÑA: Este foi á escola das monxas, hó!

DON CRISANTO: *(A Robustina)* Que... viuno ben, eh? O rapaz sabe latín!

ROBUSTINA: Pampa estou de escoitar tal cousa! E se desde logo fai as curas igual que fala...

TONIÑA: Desde logo, desde logo... a cousa é de prodixio.

DON CRISANTO: Moi ben, moi ben!... Parabéns señor Carneiro, ten un fillo que vale un mundo! Xa está a ver como nos deixou a todos pasmados!

CARNEIRO: Home... non é porque sexa o meu fillo, pero o rapaz, desde logo vale... Non é que sexa vivo como unha charamusca,

pero por iso mesmo eu sempre tiven para min que habería de ser un home con xuízo (*encanto isto fala o pai, o fillo anda a perseguir unha mosca*)... que é unha virtude que no exercicio da súa profesión non ten prezo.

Con nove anos aínda non lle sabía nada de letras. Custou ferro e fariña arrancalo a ler. Eu nunca desesperei.

Os primeiros anos de escola foron terribles; pero a miña constancia e a tenacidade do rapaz logramos que co tempo, gañara a licenciatura...

DON CRISANTO: Eu desfruto dunha ampla e frondosa amizade co reitor da universidade...

CARNEIRO: Eu tamén cheguei a coñecelo, e mesmo desde aquela ten a grande sorte de despedir o ano co mellor año que lle ofrezco... (*dáse conta do erro ao falar de máis*)... e... (*disimulando*)... o que lle dicía do meu fillo... creo dicir, sen que no asunto se pense que poño fumes, que é un armadanzas formidable... non pasa unha... e para máis nunca se contaminou dos pretendidos adiantos destes tempos, que non son máis que trangalladas... como a desviación contra natura de certas orientacións no tocante á unión sagrada das persoas...

FLORENCIO: (*Sacando dunha carpeta que trouxo, uns papeis que lle ofrece a Anxélica*) Aquí ten, señorita, a miña tese contra os partidarios desa desviación contra natura.

ANXÉLICA: E isto a min, de que me vale?

TONIÑA: Á señora nada, máis ben nada... aínda que non sexa desconsiderada muller, que para un momento de apuro calquer papel vale!

FLORENCIO: Tamén e sempre co permiso do meu señor pai e do seu, podería levala a ver unha disección. É un espectáculo moi trouleiro...

TONIÑA: Que delicadeza!... convidar unha dama a ver como lle sacan as tripas a un morto!

CARNEIRO: E polo que toca aos asuntos estrita e intimamente matrimoniais, hei de lle asegurar que o rapaz, segundo as regras que afectan a esta arte, non anda con panxoliñas... Garántolle un temperamento fogoso e varonil. O neno tenlle todo o que hai que ter para que deste casamento nazan rapaces sans e fortes!

FLORENCIO: (*Vai chulo xunto Anxélica e en confidencia*) Un día levantei unha saca de millo!

DON CRISANTO: Como debe ser! Como debe ser! E logo!... uniremos asimesmo dúas estirpes de crianza de animais, que ben diferentes, levarán aos nosos fortes netos a ter máis notoriedade e poder nas institucións, ao igual que a influencia en suculentos manxares de toda índole! E para máis..., eu cun médico na casa!

CARNEIRO: Certo, certo! Indubidable de vez! Agora, meu estimado amigo e futuro socio familiar, os respectivos negocios non se poden misturar, ao seren de diferente condición. Eu proveño de lonxevas castes de criadores de ovella, polas dúas partes familiares...

DON CRISANTO: Vaia por deus!

CARNEIRO: (*Altivo*) E conservando ese prestixio os nosos bos netos continuarán a robusta liña dos Carneiro, acompañado ademais polo que a súa liña paterna contribuirá coa rama dos... (*desprezando*) Silva, non é?

DON CRISANTO: (*Rosma*) ... Si, home si... Eu nesas cousas ao final tampouco me deteño moito, digamos que teño presente máis a vertente económica e de influencias... onde teremos un grande avance, como é coñecedor!

CARNEIRO: Aí estamos no mesmo carreiro, meu señor!

DON CRISANTO: Ben, ben,... lembraba eu, cando falou do seu fillo como “armadanzas”, se a miña filla e a súa profesora de danza clásica, aquí presente, tiveran a ben deleitarnos cun pequeno exemplo dos progresos como alumna, en conmemoración deste momento único e alegre da súa vida e en dedicatoria e gratitude ao señor Carneiro e ao seu brillante fillo...

TONIÑA: Fixémola boa!

ANXÉLICA: Non, papaiño... (*sen saber por onde saír*)... é que agora... aquí...

ROBUSTINA: (*Determinante saíndo do sarillo*) Imposible de todas as maneiras, meus señores,... tanto a señorita como eu estamos a medio avance dunha peza moi importante que toma elementos do ballet clásico coa incorporación de repertorio

tradicional, como a muiñeira, conseguindo un acabado que non consinte romper a unidade da peza...

CARNEIRO: Claro, claro, é como non deixar criar un cordeiro até conseguir o máximo proveito!

DON CRISANTO: Ah... entendo, entendo...

TONIÑA: Fiuu!...

ROBUSTINA: Non obstante, teño un breve poema aquí comigo que terminei hoxe mesmo de compor, nun longo paseo polos camiños á beira do río. Súa linda filla podería lelo, porque ademais servirá como agasallo aos presentes...

DON CRISANTO: E... adiante, adiante! Que fervor compositivo!

ANXÉLICA: E... eu... (*toma un papel que lle dá Robustina e le*):

*Nas follas de bidueiro  
sobre este leito transparente  
deposito as lágrimas de amor  
para que as leve a corrente  
cara onde ti, meu doce primor  
descansas o corazón ventureiro*

*Miña flor nova e fluvial  
meu remanso anxelical (chora)*

DON CRISANTO: Ben se ve a profundidade dos versos e a mensaxe cos destinatarios “anxelical”, claro, ela chamándose Anxélica... tomouno como unha referencia persoal...

ROBUSTINA: É que a referencia élle persoal!

DON CRISANTO: Como persoal?

TONIÑA: (*Cortando polo san*) É... é persoal porque o río toma forma humana no poema e con certeza un día veu á súa filla (*ton de poeta*) perto das súas lindes acuáticas e herbáceas e...

DON CRISANTO: Ah... fermosa referencia, entón!

FLORENCIO: (*Aventureiro, achegándose a Anxélica*) Eu, pola contra, son capaz, coa súa beleza diante, de dedicarlle uns versos improvisados para o deleite da señorita!

CARNEIRO: Oh, Floren, case mellor déixao para outro momento...

FLORENCIO: (*Arráncase sen escoitar os consellos do pai*)

*A túa saia é longa como unha alfombra  
O teu sorriso é feito con dous labios carnosos  
Quero brincar contigo na... (pensa)... sombra*

*Algúns reméxense*

*E bicar as uñas dos teus pés sedosos*

*Baila*

TONIÑA: Meu señor Xesucristo! Ten asegurado o ceo dos poetas, sen dúbida!

CARNEIRO: Eu xa lles dixen que era un libro aberto!

TONIÑA: O carallo é que se abre por calquer páxina!

FLORENCIO: Cando era cativo un tío meu tiña un barco así de grande (*mide o barco cos brazos e mans abertos*) pescaba no río tamén. Moito teño comido aquelas fanecas tan frescas que nos deixaba na casa...

ROBUSTINA: Fanecas? Aha, vaiche boa... En que mans anda o pandeiro!

UNHA SOBRIÑA: Este, o único que sabe de ríos é que no Brasil está o Rio de Janeiro

OUTRA SOBRIÑA: Vaia!

TONIÑA: Vós as dúas vinde comer algo á cociña, que teredes fame...

*Saen as tres*

FLORENCIO: (*Reprendido polo pai, dubida*)... e... ah, si... o mar... ondas, caramuxas, corsarios, illas misteriosas dos últimos lugares do mundo... tesouros,... (*baila de novo*)

DON CRISANTO: Interessante conversa, de certo que o é! Ehem... (*un pouco aparte*)... señor Carneiro, agora que reparo, o seu fillo, como é que leva ese peiteado tan fora do normal?

CARNEIRO: É que parece que chegou unha moda agora de Inglaterra

dunha banda destas de música moderna que seica levan uns peiteados dese estilo.

FLORENCIO: *(Olla para Anxélica e canta e baila á súa maneira)* “Chi lofs llu, lle, lle, lle... Chi lofs llu...”

DON CRISANTO: Eu de quen estou prendido é de Pucho Boedo, que voz!

TONIÑA: *(entrando cun pouco de bolo nun prato)*...Polo de Pucho, claro!

DON CRISANTO: Eh?

CARNEIRO: Algo teño ouvido do ben que canta... e tamén anda con el un de Noia...

DON CRISANTO: Si, seica si, un músico... Ah, aí ven a miña muller!

### ESCENA TERCEIRA

*Entra Faustina, chea de palla e co cabelo revolto, dálle o abrigo a Toniña*

DON CRISANTO: Miña prenda! Ven, quero que coñezas o fillo do señor Carneiro!

FAUSTINA: *(Compracente)* Aaah...!

FLORENCIO: *(Principia co cumprimento que aprendera, mais atrapállase todo e mistura cousas)* Señora, alumean aos cegos as razóns polas que Afrodita, ou Santa Rita, vai en barco con caramuxas de bidueiro...

DON CRISANTO: *(Vendo o espanto de Carneiro e Faustina)* Pero, que di?...

CARNEIRO: E eu que sei! Brrr...

FLORENCIO: Non, non era así... perdinme! Fóiseme o santo ao ceo!

CARNEIRO: *(Desesperado)* Pois espera mellor a que baixe!

DON CRISANTO: *(A Faustina)* Levamos unha boa miga á túa espera...

FAUSTINA: É que... saín un momento... *(amáñase o cabelo e a roupa)*

TONIÑA: A de prodixios que perdeu!: A estatua dun tal Memnón,  
unha flor chamada heliótropo, a disección dun morto...!

DON CRISANTO: (*A Anxélica*) Anda filla, dálle a man ao señor;  
promételle fidelidade a quen dentro de nadiña, vai ser o  
teu esposo...

ANXÉLICA: Papá!

DON CRISANTO: Que? A que ven iso de papá?

ANXÉLICA: Prégocho, papá! Polo que máis queiras! Repara no que estás  
a facer... Estás a pór o carro antes que os bois. Non te das  
conta que precisamos dun tempiño para nos coñecer? E  
despois, se cadra, nacería en nós un... (*olla a Florencio*) ... un  
“algo” que con certeza lle poría sentido ao casamento...

FLORENCIO: Pois eu ese “algo” xa llo teño no corazón. Foi vela e  
metésemelle dentro unha cousa... o mesmiño que cando  
anda un ás ras... esa emoción interna... Penso que non  
debemos demorar a cousa...

ANXÉLICA: Vostede será moi rápido, pero eu non llo son tanto!  
Anda, papá... o matrimonio non quer présas; é un asunto moi  
serio e non se pode ir a el como se se fose ao matadoiro. Se o  
señor é un home de lei, non debería dar por bo que a muller  
que será a súa esposa, case á forza...

FLORENCIO: Iso négollo, miña señorita. Por ser eu un home de lei, darei  
por bo que sexa a miña esposa simplemente con que o señor  
seu pai llo mande... Aínda había antes unha tradición que se  
debería recuperar: a de raptar da casa do pai á noiva coa que  
casaba...

ROBUSTINA: Ale, viva a Pepa!... a raptar mulleres! E se eu lle rapto unha  
ovella do seu pai?

CARNEIRO: (*Revolto*) Como se atreve! As tradicións de longos costumes  
son as tradicións... pero raptar unha ovella élle fariña doutro  
muíño, un asunto extremadamente grave! (*con pena*) Nin me  
imaxino se alguén me rapta a miña “Mimosa”...

*Crisanto espantado ao imaxinar outras cousas de “Mimosa”*

CARNEIRO: Co permiso do señor. Fíxosenos un pouco tarde e é hora de  
nos ir, con grande pesar... Aínda nos esperan labores na granxa

DON CRISANTO: Entendo. Antes, e se non lle importa ao ilustre novo médico, gustaríame que me dixera como é que estou...

FLORENCIO: *(Vai xunto a el dun chimpó e tómallo o pulso)* Iso é para min unha satisfacción!... Pois... digo que o señor, deste pulso é un home que non anda moi católico. *(Vai e tómallo o outro pulso)* E deste igual. Ten un desarranxo no parénquimo esplénico. Entende?

DON CRISANTO: Home, eu de medicina non lle sei alá moito. É por iso que me conviña un xenro doutor.

FLORENCIO: Para iso estamos, Don Crisanto *(Bátelle sen dor nas costas)*

CARNEIRO: Sen máis, querido amigo, desde esta hora meu familiar, deixámoslos co mel nos labios. Mañá sen falta pasarei para atarmos ben as amarras deste casorio frutuoso!

FLORENCIO: Alea iacta est!

TONIÑA: *(Acompañándoos)* Ale, ale, o mesmo para os señores!

ROBUSTINA: E... nós as tres tamén nos vamos. Faise tarde e teño que continuar a traballar nesa peza musical onde a súa filla desenvolverá o que leva agochado. Despídome co pracer de telo coñecido. Voltarei decidida!

DON CRISANTO: Decidida?

TONIÑA: Decidida a presentarlle a peza xa terminada.

DON CRISANTO: Claro, claro. Acompañaa, Toniña!

*Vaise Robustina deixándolle a Anxélica un amoroso ollar de despedida*

FAUSTINA: Ben, e agora imos falar sen cancelas, Anxélica... Neste galiñeiro, hai mais galos que un?

TONIÑA: *(Facendo que limpa o mandil)* Haille ghaliñas...

FAUSTINA: Que rosmas, Toniña?

TONIÑA: Nada, señora...

ANXÉLICA: E se os houbera non tería por que me avergoñar. Os amores verdadeiros queren luz e dignidade.

DON CRISANTO: E eu aquí mando tanto como unha mula coxa!

FAUSTINA: Non te alporices, meu ruliño. E se a túa filla non quer casar con ese señor, faille o gusto. Xa saberei eu o que temos que ordenar. (*A Don Crisanto en confidencia*) Eu penso que a debes meter no convento de inmediato!

ANXÉLICA: Ben sei que camiño levan esas ameazas. Pero teña coidado, señora, que igual lle saen as contas furadas.

FAUSTINA: Pois non me estrañaría... cos tempos que corren, as fillas xa non saben o que é respetar aos pais nin os seus deberes...

ANXÉLICA: Os deberes dunha filla teñen un límite. Eu non lle sei de ningunha lei que obrigue ás fillas a guindarnos dunha ponte abaixo, por moito que nolo digan os nosos pais...

FAUSTINA: Vese ben ás claras que ti que ti queres casar, pero tamén queres un marido ao teu gusto... Chámalle parva á rapaza!

ANXÉLICA: Cada quen casa cun propósito. O meu é o de ter unha persoa ao meu lado á que amar con todas as forzas do meu ser. E iso defendereino sempre... Hai quen casa para fuxir da tiranía paterna... e tamén hai quen casa por un negocio comercial redondo! (*corvos ao lonxe*)

FAUSTINA: (*Ao sentirse disparada e tocada*) Moito latricas, lagarta! Túzara es un cacho...! Pero xa te farei afuciñar...!

ANXÉLICA: Voume! Se continuo aquí máis tempo, igual acabo por dicir unha barbaridade!

*Vaise*

DON CRISANTO: (*A Anxélica ao saír*) Escoita ben, mociña! Ou casas con este señor en catro días ou métote de monxa nas Ursulinas! (*A Faustina*) E ti, miña pomba, non sofoques, que xa ves que lle lin ben a cartilla a esa ingrata!

FAUSTINA: Dáme moito aquel ter que te deixar, pero debo ir correndo a un sitio...

DON CRISANTO: Vai, meu amor! Ah... se che cadra ben, vai ver ao notario e dille que lle dea para adiante ao asunto.

FAUSTINA: A iso mesmo.... Eh... até logo, meu pequecho... (*Case sae*)

DON CRISANTO: Deica logo!... Ai..., desvívese por min!

*Faustina de novo. Fala baixo con Crisanto*

DON CRISANTO: Ah...!

FAUSTINA: Esquecía... dicirche algo que nos pode dar luz neste contratempo coa túa filla... Hai unha persoa que nos podería contar todo o que ela nos agocha...

DON CRISANTO: E quen pode ser esa persoa?... fala, que me tes en ascuas, meu pichón!

FAUSTINA: Luísa!

DON CRISANTO: Luísa? A miña Luísa?

FAUSTINA: Si, a mesma. Ela e Anxélica están moi unidas de sempre, Anxélica confésalle todo a Luísa, que ao ser máis vella que ela, tenlle respecto e déixase guiar por ela. Ademais, Luisiña ten o don, ou non, de ter a lingua moi..., digamos... flexible, xa me entendes por onde vou... *(Sae de novo)*

DON CRISANTO: Toniñaaa!

TONIÑA: Estou aquí, señor!

DON CRISANTO: Ah, estás en todas partes, como noso Señor! Dille á señorita Luísa que seu pai quer falar con ela.

TONIÑA: Ás ordes. *(Sae)*

DON CRISANTO: O meu negocio... espero que non se chafe, ou... ou ao convento! E esta tamén!... Ui, esta non, que eu quero un neto!

*Asómase Toniña e entra Luísa a cabalo tentando dominalo*

TONIÑA: Si, xa lle botei un pouco de herba seca... *(sae)*

LUÍSA: Que queres, papá?

DON CRISANTO: Luísa, Luisiña! Ven acá, miña nena! Anda, achégate ao teu paiciño... *(Achégase ao trote suave)* E agora, a miña primoxénita vai pousar eses lindos olliños nos do seu pai...

LUÍSA: Que, papá?

DON CRISANTO: Iso é.

LUÍSA: E que é iso?

DON CRISANTO: Non lle tes nada que contar ao teu pai?

LUÍSA: Ah, era iso! Estás aburrido e queres que che conte contos! Que che parece o de Carapuchiña e o Lobo Feroz? (*O cabalo olla para ela*)

DON CRISANTO: Non, non é iso o que quero.

LUÍSA: Entón que é o que queres?

DON CRISANTO: De sobra sabe a miña tunantiña que é o que quero!

LUÍSA: De verdade que non sei, papá!

DON CRISANTO: Estásme a desobedecer?

LUÍSA: Desobedecer en que?

DON CRISANTO: E logo, non tiñas a encomenda de que encanto soubeses cousas novas, xa llo estabas a contar ao teu pai?

LUÍSA: Si, papá.

DON CRISANTO: E telo feito?

LUÍSA: Teño, papá.

DON CRISANTO: E de túa irmá, tamén?

LUÍSA: De miña...

DON CRISANTO: Si, de túa irmá tes algo que contar, seino...

LUÍSA: (*Pausa, chora e fala ao mesmo tempo*) O que lle vas facer a Anxélica é inxusto!... Inxusto!

DON CRISANTO: Conta, anda, cóntalle a papá...

*Luísa cóntalle todo. Parte de mimo encanto se ouve a música. Don Crisanto sentado e ela en alto. Música -por exemplo a Marcha Fúnebre do Ocaso dos Deuses de Wagner- in crescendo e no clímax, luz azul só con Don Crisanto, abatido. Escuro*

## ACTO TERCEIRO

### ESCENA PRIMEIRA

*Toniña a limpar o crucifixo, cantaruxando. Entra Don Crisanto con cara preocupada, entre triste e amargada. Actúa como perdido no tempo...*

DON CRISANTO: Ai, Toniña...!

TONIÑA: Que ten aghora?

DON CRISANTO: Ai, Toniña...!

TONIÑA: Demo de home, hai, hai,... e que hai?

DON CRISANTO: Esta noite non conseguín durmir nadiña... precisarei dunha lavativa?...estou como quen non está...

TONIÑO: Pois eu vexo que está! Déixese de lavativas! Ademais, xa non lle temos.

DON CRISANTO: ...é como se aínda non despertase dun mal soño...

TONIÑA: Ai, ese asunto do casamento vaino escarallar... de verdade!

DON CRISANTO: ... síntome baleiro de espírito... isto todo non é bo para a miña fraca saúde...

TONIÑA: *(Breve pausa e rebentando, guindando o pano que tiña para limpar ao chan)* Basta! Abonda!... Chegou a onde tiña que chegar!... Agora o señor vaise sentar e vaime escoitar ben quietiño, sen dicir nin mu!... e isto sabe ben o que é... digo o do “mu”...!

*Lévaos da man para a cadeira e séntao empurrándoo*

TONIÑA: *(Dando paseos curtos para encontrar por onde comezar)*...  
Voullo dicir unha vez: a súa filla... a súa filla...

DON CRISANTO: Deixa, Toniña, seino todo!

TONIÑA: ... A súa filla Anxélica... Eh?... que sabe o que?...

DON CRISANTO: Seino todo o da miña filla Anxélica,... e Robustina,... e o porque non quería casar... cun home!... Luísa contoumo.

TONIÑA: *(Pasmada)* Xesús bendito mil veces!... Demo de... Pois... xa está! Era o que lle quería dicir eu agora! Dito está!

DON CRISANTO: O mundo toleou, Toniña!... Toleou de vez! *(Abaixa a cabeza)*

TONIÑA: Tolearía, pero aínda non se acabou! E xa postos, vamos terminar por queimar ben a palla!... Sabemos todos que está moi maliño, que está a morrer, ...a cousa é que encanto non morre ten que abrir os olliños, que parece que só os abre para atender as vacas!

DON CRISANTO: *(Aínda medio atordado)* Eh... non sei o que me queres dicir...

TONIÑA: Pois escoite: resolvín emendar esta inxustiza e, como primeira cousa, mandei recado para que se presenten aquí Don Salustiano e o señor Pampín, que xa deben de estar a chegar. Teremos unhas palabras con eles. Despois, faremos que outros vermes saian do seu burato.

*Petan á porta*

Aí están, vou abrir...

## ESCENA SEGUNDA

*Entran Toniña, o señor Pampín e Don Salustiano, o médico. Música festeira acorde coa vida que levan á conta do doente. Entran a rir medio cheos aínda dos moitos viños da noite. Salustiano coa camisa por fora e Pampín coa gravata na cabeza. Dándose conta de onde estaban recuperan a compostura amañando a camisa e baixando a gravata. Algo de viño polas roupas*

DON SALUSTIANO: Meu querido e máis distinguido doente! *(Corren os dous a atendelo, comprobando a súa saúde coa man e o fonendo por todas partes do seu corpo)* Been..., been, ...been, ...moi been...

TONIÑA: Outro do mundo das ovellas!

DON SALUSTIANO: O señor está progresando, aínda que aprecio que a recuperación, indo por bo camiño, é un camiño longo, mooi longo!

DON CRISANTO: Estou mal, don Salustiano, moi mal, como pode ver. Iso si, sigo ao pé da letra todos os remedios que os dous me mandan... como o catecismo!

DON SALUSTIANO: Permítame primeiramente dicirille, meu señor, que onte mesmo collín á Toniña nas allada! Que é iso de nos desobedecer e mandar a criada que derrame unha lavativa? Unha lavativa que eu tiña receitao! É ese o caso que nos fai?

DON CRISANTO: Eu... eu nada lle sei do conto!

DON SALUSTIANO: Quer dar co cu no ferrado? Eh! Dígame! Como se atreveu? Que é iso de se antepor ao seu médico?

SEÑOR PAMPÍN: (*Nótaselle a cantidade de viño ao falar*) Unha lavativa que eu mesmo preparei, con estas manciñas! Que o seu traballo me levou!

DON CRISANTO: Eu non mandei...

DON SALUSTIANO: (*Continuando co seu*) Formulada con todos os requisitos que demanda esta arte!

TONIÑA: (*Retranqueira*) Desde logo!

SEÑOR PAMPÍN: Manipulada con cariño e solvencia para lle producir un efecto maravilloso nos adentros...

DON SALUSTIANO: E vai vostede, e ala! Nin cardos nin leitarugas!

DON CRISANTO: Foi ela!

SEÑOR PAMPÍN: Desde logo, o seu proceder é ben pouco xuízoso!

DON SALUSTIANO: Vostede é un terrorista da medicina!

SEÑOR PAMPÍN: E cometeu un crime de Lesa Facultade!

TONIÑA: Disciplina é o que lle fai falta, si señor! Onde se veu...!

DON CRISANTO: Que erran vostedes! Que se confunden! Que foi Toniña sen o meu consentimento!

TONIÑA: Si, fun eu!

SEÑOR PAMPÍN: Pero... pero.... Que ousadía! Despídaa!

TONIÑA: Fun eu porque unha xa está farta de que viva meneado por médicos e boticarios! Pero centellas... se o señor nada en saúde!

DON SALUSTIANO: *(Facéndose cruces, abraiados el e Pampín)* Como é iso? Ai, señor! Unha criada...

DON CRISANTO: Ti non sabes o que dis...

TONIÑA: Claro que o sei! E voulle dicir máis: non coñezo home en toda a parroquia que teña a súa saúde. A mellor proba é que con tantas potingadas e caralladas inventadas que lle fan tomar, aínda non estoupou como unha bichoca!

DON SALUSTIANO: *(En cólera os dous)* Isto como pode ser...?

DON CRISANTO: E que ignorante Deus te deu! Non te dás conta de que se estou vivo é grazas ás medicinas que tomo? Cantas veces me ten dito Don Salustiano que se as deixo de tomar, vou criar herbas en catro días!

TONIÑA: E en menos tamén, como as continúe a tomar!

DON CRISANTO: Ti o que pasa é que tes os médicos atravesados...

TONIÑA: Eu, o que pasa, é que creo que os médicos están para curar doentes, non para enfermar sans. Ten vostede tanto de doente como eu de caribeña tropical! Ademais, mellor lle iría cun curandeiro...

SEÑOR PAMPÍN: Os taberneiros non van pola lei!... Digo, os curandeiros...  
*(resopra e limpa a cara, como para aclarar as ideas)*

TONIÑA: Van máis pola lei se a súa intención é a de curar, non a de se aproveitar dun pobre vello que pensa que vai morrer mañá mesmo... e sacarlle todos os cartos!

DON SALUSTIANO: Isto non o temos porque aturar!

SEÑOR PAMPÍN: É moi fácil despotricar contra a medicina cando se ten unha boa saúde como a túa...

TONIÑA: Pois díganme, xa agora... que demos ten o señor? Como é que se chama a súa doenza? Aquí ten que arder Troia!

DON SALUSTIANO: (*Apañado, disimula nervioso, Pampín asubía*)  
Vaia... pois... os achaques que ten Don Crisanto son varios e todos xuntos conducen a un cuadro médico gravísimo...

SEÑOR PAMPÍN: Gravísimo! (*Abanea*)

DON SALUSTIANO: É un compendio de doenzas que toca diferentes disciplinas e que se non se tratan con medidas oportunas e remedios eficaces, veríamonos encamiñados a...

SEÑOR PAMPÍN: ...a chamar o cura!

DON SALUSTIANO: Sen todo o tratamento que lle receito, o camiño está despexado para o derrubamento da súa saúde e do seu corpo. Caerá sen remedio na bradipepsía...

DON CRISANTO: (*Comeza a serie preocupado polos nomes e pouco a pouco acaba chorando*) Meu deus, Don Salustiano!

SEÑOR PAMPÍN: E da bradipepsía na dispepsía...

DON CRISANTO: Señor Pampín!

DON SALUSTIANO: E da dispepsía na foruncosía.

DON CRISANTO: Don Salustiano!

SEÑOR PAMPÍN: Da foruncosía na hidropesía.

DON CRISANTO: Señor Pampín!

DON SALUSTIANO: Da hidropesía na escatolopesía.

DON CRISANTO: Don Salustiano!

SEÑOR PAMPÍN: E da escatolopesía na apepsía.

*Breve pausa*

DON CRISANTO: (*A chorar, con medo*)... e da apepsía?

DON SALUSTIANO: A criar bacallao! Á pataqueira!... E todo pola súa cabeza descarriada!

*Chora aínda con máis forza. Toniña corre a consolalo*

TONIÑA: Ale, ale,... xa está..., xa pasou...

DON CRISANTO: Dixo “a criar bacallao”, Toniña! Que morro! A culpa é túa! Quéresme matar, condenada!

TONIÑA: Claro! E logo, non?

DON SALUSTIANO: Desde este momento, rematan as nosas relacións.

DON CRISANTO: Eu, xúrolle que...

DON SALUSTIANO: Non quero tratos con vostede!... Desprezou a miña lavativa! Se me fixera caso, co tempo estaría curado.

TONIÑA: E canto máis tempo mellor, claro.

SEÑOR PAMPÍN: Acabaría limpo e sen o mal fel que lle roe os interiores!

DON SALUSTIANO: Pero como vexo que o señor non quer curar...

DON CRISANTO: Si que me quero curar, como non?

DON SALUSTIANO: As miñas receitas son sagradas!

DON CRISANTO: Que eu non fun! Son inocente! Poreime todas as lavativas que diga, Don Salustiano!

DON SALUSTIANO: Tarde piou! Ben vexo que non lle importa o que lle diga o seu médico...

SEÑOR PAMPÍN: Nin o seu boticario!

DON SALUSTIANO: Teño a determinación de abandonalo nas mans do implacable destino. Saberá desde agora o que é verse nos estragos do seu bandullo, na depravación do seu sangue, na acedume dos miolos...

DON CRISANTO: Pola corte celestial enteira..., teña piedade de min!

DON SALUSTIANO: E ditamino que ao pasaren catro días, encontrarase mal...

TONIÑA: Pois como sempre!

DON SALUSTIANO: ..., nun estado de dolorosísima agonía... nas portas da morte!

DON SALUSTIANO: *(Saíndo e rematando entre eles)* Hai que ser duro...  
Xa caerá da burra!

*Vanse Don Salustiano e Pampín entre música festeira*

DON CRISANTO: Ai, Señor meu Deus, acollerrás a este servo...

TONIÑA: Xa ten o sitio reservado á súa dereita.

DON CRISANTO: Ai...!

TONIÑA: Deixe de choromicar como un neno de teta e escóiteme ben:  
non lle dea corda a eses dous! Se quer tratar a súa..., que digo  
a súa... as súas múltiples doenzas mortais de necesidade, faga  
caso do que lle dicimos a súa filla e esta servidora, iralle moito  
mellor! E logo non ve que estes lle andan polas tabernas, fondas  
e demais baiucas, tanto de boa como de mala vida, á súa conta?  
E non lle son os únicos!

DON CRISANTO: O que...?

TONIÑA: Quer ver como a señora Faustina, a súa muller, non é quen  
aparenta ser?

DON CRISANTO: Como ousas, cadela deslinguada!... A miña muller é  
unha santa!

TONIÑA: Está ben, está ben,.. élle unha santa. Quer ver logo como a señora  
está toliña polo señor, que bica o chan por onde pasa, que bebe os  
seus ventos? Quer velo, agora mesmo?

DON CRISANTO: Verás ti, ghata, como estás errada... Que teño que facer?

TONIÑA: Pois como a señora está para chegar, vai deitar aí e fará como se  
morrera. Veremos o que é o agarimo da muller casada por amor e  
o seu desconsolo...

DON CRISANTO: Ben pensado, ben pensado! Vas ver, vaiche saír a galiña  
choca!.. E... a todo isto... non me fará mal ningún iso de  
eu finxir a miña morte?

TONIÑA: E que mal lle vai facer? Ande, deite aí, depresa! Aí lle ven a súa  
muller... E faga ben o disimulo!

### ESCENA III

*Entra Faustina*

TONIÑA: *(A chorar como unha Madalena)* Ai, aaai! Santísima Virxe dos Pelouros! Que mal fixemos nós? Ai, Señor! Que desgraza tan grande!

FAUSTINA: E que tes, Toniña? Que che pasa?

TONIÑA: Ai, señora... que o seu home...

FAUSTINA: Que?

TONIÑA: Que o seu home morreu!

FAUSTINA: Que o meu home morreu?

TONIÑA: Si, señora, alá se nos foi o santiño!

FAUSTINA: Que estás a dicir, Toniña? E de certo que morreu ou será unha falsa alarma?

TONIÑA: E como ha de ser unha falsa alarma? Aaai!... Non, señora, non! Oxalá! Estes mesmos ollíños que ven a señora, viron como agonizaba o señor. E agora, aí o ten, que parece un anxiño do ceo!

FAUSTINA: *(Parecendo ao primeiro que se laiaba coa dor)* Ai, Toniña...!

TONIÑA: Ai, señora...!

FAUSTINA: Ai, Toniña...!

TONIÑA: Ai, señora...!

FAUSTINA: Ai, Toniña, que alegría me das!... Aínda non sabes ben o peso que se me quita de enriba!

TONIÑA: Señora! non diga iso, muller! Eu síntollo de corazón, e pensei que á señora lle ía afectar doutra maneira... Que choraría sen xeito!

FAUSTINA: Non vale a pena! Que non morran as vacas, que homes hainos a moreas! Ademais, para que valía este? Sempre amolando, coas súas noxentas lavativas, arrotando, tusindo, , a botar

peidos como cando hai festa,... Un home sen chispa nin graza, sen enxeño, aborrecido de máis. Non me deixaba vivir!

TONIÑA: Ai, hó! Iso é un responso e o demais caralladas!

FAUSTINA: Moi ben, ímolo deixar no seu cuarto, como tal que está a durmir. Polo de agora non lle diremos nada a ninguén. El tiña uns documentos que me fan moita falta, unhas letras de cambio que me prometera... Creo que é xusto que despois de que me avinagrara a vida durante tanto tempo, folgue agora un chisco a conta dos seus cartos... Non che parece, Toniña?

TONIÑA: E a min que me vai parecer, señora!

FAUSTINA: De acordo. Ven comigo. Primeiro temos que coller as chaves...

DON CRISANTO: (*Erguéndose de súpeto*) Vai amodo! Non tropeces!

FAUSTINA: (*Chea de espanto*) Aaaah!

DON CRISANTO: Xa estou a ver para que me queres, lurpia! Raposa!  
Mala víbora!

TONIÑA: (*Cos dous brazos en alto*) O defunto resucitou! Milagre!

DON CRISANTO: (*A Faustina*) Ponte fora da miña vista! Putañeira! Ponte fora que fago unha desgraza!

*Faustina sae a toda prása, espantada. Crisanto cae abatido e chora*

TONIÑA: Quen llo ía dicir ao señor! Desde logo hai burras que dan cornadas!... Chsst!... Atenda, que penso que ven aí a súa filla. Volte a colocarse na mesma postura de defunto e continuamos a saber dos quereres que ten na casa... Vamos, faga o morto outra vez!

DON CRISANTO: Síntome morrer de verdade!

*Entra Anxélica. Crisanto deixase facer, sen ánimo para nada*

TONIÑA: (*A chorar desconsolada*) Ai, ai, Santísima Virxe dos Pelouros!  
Que mal fixemos nós! Aai! Ai, Señor! Que desgraza tan grande!

ANXÉLICA: Que é todo ese barullo?... Que tes Toniña? Que foi?

TONIÑA: Que que teño, señorita? Oxalá non tivese que dar tan mala noticia! Unha desgraza, Anxélica, unha desgraza grande!

ANXÉLICA: Que desgraza, Toniña?

TONIÑA: Que nos deixou o seu señor pai! Que finou o señor Don Crisanto! Aí o ten! Que lle deu un patatús e non lle puideren valer! Ai! Deus quíxonolo levar!

ANXÉLICA: *(Corre ao regazo do pai e chora)* Que morreu meu pai! Aai! Que desgraza, Señor! Un coitelo no corazón non me fería tanto! Canto eu tiña nesta vida... o meu paiciño! E morreu sen me poder reconciliar con el! Que vai ser agora de min!

TONIÑA: Ai, señorita!

ANXÉLICA: O que máis quería deixounos! Despois disto eu xa non quero ser máis do mundo! Meu pai, meu queridiño! Estou obrigada por toda a miña vida a chorarte, papaíño, e que me perdoes! Perdóame, papá! Perdóame! *(Chora)*

DON CRISANTO: Miña nena!

ANXÉLICA: *(Érguese, estarrecida co susto)* Aaaah! Papá!

DON CRISANTO: Tranquila, miña nena! Ven, non teñas medo! *(volta ao seu regazo)* A miña nena, feita e bonita como unha rosa!

ANXÉLICA: Papá, papaíño! Non sabes a alegría que teño que esteas comigo! Pensei que nos deixabas... por un momento o mundo deixou de ter sentido... papá! Tamén o deixará de ter xa para min se cometes o erro de me casar contra a miña vontade! *(Eleva a voz)* Eu amo outra persoa!

TONIÑA: Isto fai chorar ás pedras! Eu xa estou como unha madalena!

*Longa pausa*

DON CRISANTO: Eu tamén amaba a túa nai... O meu netiño vai ter que esperar, polo menos o que viñera de ti... ou que sei eu... a outra é tan rariña... *(pausa)* O Señor envíame esta proba que... *(pausa)* Non casarás con Florencio Carneiro....

*Toniña e Anxélica fúndense nun abrazo*

Non é para ti... Ademais, non te vexo eu tecendo medias de lá!... Canto á túa amiga...a ninfa dos ríos, xa pode ir estudando para médico, alguén terá que coidar a miña saúde!

*Pausa*

*(Decidido)* Toniña, temos tarefa por diante, nesta casa hai que facer limpeiro!

TONIÑA: *(En postura firme ao estilo militar)* Si, meu señor! ...Esa foi a mellor cousa que me mandou na súa vida!

*Música de actos*

**PANO**